

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria Organización da Corporación
Data	24 de XULLO de 2023
Duración	Desde as 19:00 ata 20:00 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SI
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SI
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SI



1. Coñecemento da Resolución do Alcalde relativa ao nomeamento da XGL, Tenentes de Alcalde e delegacións de competencias.

Toma a palabra a Sr. González para indicar que o presente pleno corresponde ao Pleno de organización e que ten como primeiro punto do coñecemento da resolución do Alcalde ao nomeamento da XGL, Tenentes Alcalde e delegación. Indica que é un punto para dar conta e non para votación e simplemente dar conta do que xa coñecen e indica a composición da XGL, as tenencias de Alcaldía e fai referencia ás diferentes delegacións.

O Decreto de Alcaldía referido ten o seguinte contido e do que se da conta no presente Pleno:

“PRIMEIRO.- Nomeamento da Xunta de Goberno Local. Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós seguintes concelleiros:

- D. José Manuel Ramos Caamaño.
- D. Daniel Rodríguez Gándara.
- D. Anxo Núñez Fernández
- D. José Antonio Caamaño Lestón

SEGUNDO.- Nomeamento de tenentes de alcalde. Nomear como tenentes de alcalde aos seguintes concelleiros pola orde que se sinala:

- 1º Tenente de alcalde: D. Anxo Núñez Fernández.
- 2ª Tenente de alcalde: D. José Antonio Caamaño Lestón.
- 3ª Tenente de Alcalde: D. José Manuel Ramos Caamaño.

TERCEIRO.- Delegación de competencias na Xunta de Goberno Local Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes competencias da Alcaldía:

- 1) Autorizar e dispor os gastos, e recoñecemento de obrigacións que superen a contía de 6.000,00 €.
- 2) Aprobación de bases reguladoras de convocatorias, concesións e xustificación de subvencións a terceiros.
- 3) Aceptación de subvencións outorgadas a favor do Concello.
- 4) Aprobación de listas de contribuíntes de tributos e prezos públicos municipais, resolución de recursos contra os actos de xestión tributaria, e anulación de recibos; e a concesión de exencións do imposto municipal de vehículos de



tracción mecánica.

5) Aprobar a oferta de emprego público con suxeición ao orzamento e ao cadro de persoal aprobados polo Pleno da Corporación, as bases das probas de selección do persoal funcionario e laboral, e as bases para a provisión de postos de traballo.

6) O nomeamento do persoal funcionario e laboral, e o exercicio das potestades organizatoria e disciplinaria en materia de persoal, coas limitacións que sobre atribucións indelegables prevé a LRBRL.

7) Aprobar os proxectos de obras e servizos que lle competan ao alcalde e cando lle corresponda a súa contratación de conformidade co apartado seguinte.

8) A contratación de calquera clase de obras, xestión de servizos públicos, subministracións, consultoría e asistencia ou servizos, que lle competen ao alcalde, non sendo as que se tramiten como contratos menores.

9) A adquisición e o alleamento de bens e dereitos que lle corresponden ó alcalde e que teñan un valor superior a 3.000,00 €.

10) Aprobar os criterios e normas sobre a xestión dos servizos públicos, cando non lle correspondan ó Pleno.

11) Aprobar os instrumentos de planeamento que desenvolvan o plan xeral, os instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización, cando non lle correspondan ao Pleno.

12) Outorgar as licenzas urbanísticas de obras e de actividades, e informar nos procedementos de construcións e instalacións en solo rústico.

13) A declaración de ruína dos inmobles, as ordes de execución de obras e as decisións sobre reposición da legalidade e sancionadoras en materia de disciplina urbanística, non sendo en casos de urxencia.

14) A resolución de toda clase de procedementos sancionadores que se tramiten por infraccións graves ou moi graves previstas nas ordenanzas municipais e, en xeral, no resto do ordenamento xurídico.

15) O outorgamento, autorización de transmisión e declaración de caducidade das licenzas de autotaxi.

16) O outorgamento de autorizacións para o uso ou aproveitamento especial e privativo do dominio público, cando non lle correspondan ao Pleno.

17) Os plans xerais de actuación das diversas áreas municipais e a programación temporal da súa execución, sen prexuízo das competencias que lle correspondan ó Pleno da Corporación.

CUARTO.- Periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria cunha periodicidade quincenal, cada martes correspondente, ás 18:00 horas.



QUINTO.- Nomeamento de concelleiros-delegados da Alcaldía.

I. Delegacións especiais.

1. Nomear concelleiros/as-delegados/as especiais con responsabilidade para a atención específica e supervisión de servizos públicos en materia de:

- Área de Obras e Servizos, que abarca as materia de mantemento de camiños, xardíns e espazos verdes, rede de saneamento e de abastecemento de auga, recollida de lixo e limpeza viaria. A D^a Alba Quintela Vilariño.

- Área de Educación, que abarca as materias de educación infantil, educación e formación de adultos, relacións coa comunidade educativa e infraestruturas educativas. A D. Daniel Rodríguez Gándara.

- Área de Medio Ambiente, que abarca as materias de coidado do medio ambiente e da biodiversidade así como o desenvolvemento de proxectos relacionados. A D. José Manuel Ramos Caamaño.

- Área de Cultura, Festas e Xuventude, que abarca as materia de programación cultural, festexos, relacións coas asociacións culturais e comisión de festas, xuventude e infraestruturas culturais. A D. Anxo Núñez Fernández.

- Área de Mobilidade e Comunicións, que abarca as materias de transporte intramunicipal e a externa, sendas peonís e de bicicletas. Tamén a mellora das canles de comunicación coa cidadanía. A D. Anxo Núñez Fernández.

- Área de Turismo e Patrimonio, que abarca as materias de promoción turística, relacións co sector do turismo, patrimonio e infraestruturas relacionadas co turismo e o patrimonio. A D^a. María Soledad Agra Tuñas.

- Área de Deportes, que abarca as materias de promoción do deporte, relación cos clubs deportivos e infraestruturas deportivas. A D. José Antonio Caamaño Lestón.

- Área de Igualdade e Benestar, que abarca as materias de asuntos sociais e atención a persoas dependentes, muller (CIM) e conciliación. A D. José Antonio Caamaño Lestón.

- Área de Relacións Veciñais e Medio rural, que abarca a relación coas asociacións de veciños así como a xestión dos proxectos de mellora de camiños rurais financiados ao abeiro do Plan de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal da Xunta de Galicia. A D. José Antonio Caamaño Lestón.

As facultades que se delegan son as de dirección, inspección e impulso da actuación municipal nas respectivas materias. En ningún caso se inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

SEXTO.- Publicar esta resolución no taboleiro de edictos da Corporación, na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia.



SÉTIMO.- Dar conta ó Pleno da Corporación ós efectos previstos, na sesión de organización a celebrar”.

2. Coñecemento de constitución dos grupos políticos da Corporación.

Indica o Sr. González que o Pleno toma coñecemento da constitución dos grupos políticos que son catro, o PP, CO, BNG e o grupo mixto conformado polo membro do Partido Socialista.

En base á documentación presentada a dación de contas dos grupos políticos é a seguinte:

- GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR:

Composición:

D. Francisco Calo Abelleira
D. Andrés Castro Abelleira
D. Domingo Antonio Troncoso Martelo
D^a. Ana Belén del Río González
D^a. María Beatriz Molinos Vidal
D. Carlos Leis Pedrosa

Voceiro: D. Francisco Calo Abelleira

Suplente: D. Andrés Castro Abelleira

- GRUPO MUNICIPAL COMPROMISO OUTES:

Composición:

D. Manuel González López
D^a. Alba Quintela Vilariño
D. José Manuel Ramos Caamaño
D. Daniel Rodríguez Gándara

Voceiro: D. Manuel González López

Suplente: D^a. Alba Quintela Vilariño

- GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:

Composición:



D. Anxo Núñez Fernández
D^a. María Soledad Agra Tuñas

Voceiro: D. Anxo Núñez Fernández
Suplente: D^a. María Soledad Agra Tuñas

- GRUPO MIXTO (en aplicación do artigo 74.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia):

Composición: D. José Antonio Caamaño Lestón
Voceiro: José Antonio Caamaño Lestón.

3. Réxime de sesións ordinarias do Pleno da Corporación e da Xunta de Goberno Local.

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para indicar que existen dous cambios a como viña sendo, por un lado propónse que os plenos sexan bimensuais e serían os últimos xoves de mes coa hora indicada no acordo segundo o mes celebrado. Establécese un pequeno matiz en caso de que o mesma caia en campaña electoral. Como viña sendo habitual de cadrar en día inhábil se convocará para o seguinte día hábil solto.

Toma a palabra o Sr. Calo voceiro do PP que indica que antes de meternos en materia propiamente, quixéramos facer unha reflexión sobre a convocatoria deste Pleno, no que se refire á data e á hora: foi convocado en plena campaña electoral para celebrarse ao día seguinte das eleccións xeral, convocase o 24 de xullo, no medio das festas da Serra e o día dos fogos do Apóstolo, en plena ponte festiva e ás sete da tarde. É vostede sabedor de que hai xente entre a que nos incluímos todos os concelleiros do noso grupo e doutras corporacións, que temos xornada laboral de mañá e tarde e recordarlle ao Sr. Caamaño, no anterior mandato chegara a facer unha petición para que na medida do posible os plenos extraordinarios se celebrasen a unha hora que lle permitise chegar a tempo despois de saír de traballar, proposta que o noso grupo secundou en todo momento.

Queremos supoñer Sr. Caamaño que nesta ocasión vostede aínda non ten nada que ver coa data nin coa hora da convocatoria, porque doutro xeito non tería fácil



explicación. A nos non nos parece nin a data nin a hora mais adecuada. A non ser que a súa intención sexa dificultarlle aos veciños á asistencia ao mesmo.

Non é de recibo intentar facer pasar desapercibido de cara aos veciños un Pleno tan importante coma este, onde se decide a composición do próximo Goberno Local e a súa organización, ademais do que lle vai a custar. Igual é isto último o que non quere que se coñeza moito. E celebrando o Pleno un día despois dunhas importantes eleccións a noticia do que lle vai custar a Outes o seu próximo Goberno dilúese entre as noticias relacionadas co resultado das eleccións e desa maneira chégalle a menos veciños.

Con esta maneira de proceder non nos facilita a labor da oposición e esperamos que non sexa o habitual.

Con respecto ao presente punto Sr. González queremos recordarlle as súas pasadas palabras con respecto a este asunto: “Non estou de acordo con que os Plenos se celebren bimensualmente porque isto leva a que haxa que convocar continuamente sesións extraordinarias para resolver asuntos que non poden esperar 2 meses, por outra banda o espírito de transparencia e o principio de participación, así como o especial relevo institucional do Pleno, aconsellan establecer unha periodicidade mensual”.

O que nos preguntamos é onde quedou o sentido desas manifestacións Sr. González? Cremos que quedou polo camiño, no mesmo lugar onde quedaron moitos outros principios que vostede facía seus, iso sí, para que os aplicasen outros, pero que non aplicou vostede cando tivo oportunidade. Isto cremos que se chama incoherencia.

Tamén queremos facer referencia ás palabras do Sr. Núñez onde dicía e, xa non recorda que hai catro anos, nunha situación similar a esta, presentaron unha enmenda para que os Plenos non se celebrasen bimensualmente senón que tiveran carácter mensual para que os grupos da oposición puidesen ter un maior control da acción do Goberno. Hoxe traen de novo unha enmenda ao respecto?, ou os seus principios téñenos tamén soamente para que os apliquen os outros. Que pasa? Que agora lle parece que a oposición xa non ten que controlar ao goberno porque presumiblemente vostede vai formar parte del? Que van facer? Van manter a mesma posición de hai catro anos e votar en contra da proposta do alcalde, ou pola contra, rendidos a outros intereses van a votar a favor da mesma?



O que fai vostede, Sr. González, con esta proposta, é dificultar o control ao Goberno por parte da oposición, é quitarlle voz aos veciños aos que representan, é cortar as posibilidades de presentación de propostas, é impedir a realización de preguntas que aclaren asuntos de interese para os veciños. É en definitiva, restar participación e transparencia á súa labor como gobernante. Participación e transparencia, esas dúas palabras coas que se enchen a boca á hora de falar de cara á galería e que na realidade tan pouco representan para vostedes.

Todos sabemos que ademais dos asuntos que o goberno debe incluír nas sesións plenarias, nestas hai unha parte de Rogos e Preguntas. Sabemos pola experiencia acumulada neste último mandato que ao Sr. Alcalde a parte das preguntas non lle gusta nada, porque ante moitas das feitas polo noso grupo, tivo que admitir e asumir, diante dos veciños, actuacións das que, aínda que pretendeu xustificar, non se pode sentir orgulloso, procede a nomear algún exemplos. Imaxinamos que eliminando 6 Plenos ao ano o que pretende vostede é minimizar as ocasións nas que teñamos oportunidade de facer esas incómodas preguntas e que os veciños se enteren de certos aspectos do que pasa na xestión municipal.

Nos dende logo imos a votar en contra do acordo proposto neste punto tal e como tal e como o trae o Sr. Alcalde a este Pleno, e neste momento presentamos unha enmenda “in voce” ao mesmo na que propoñemos, para a súa votación nesta mesma sesión, que:

os Plenos ordinarios se celebren con carácter mensual, os últimos xoves de cada mes, coa excepción do mes de decembro no que se celebraría no terceiro xoves dese mes; ás 20:00 h. no outono e no inverno e as 21:00 h. na primavera e no verán. De cadrar a celebración en día santo, convocarase para a véspera e de cadrar a sesión en período de campaña electoral, convocarase para o xoves seguinte á celebración das eleccións.

Toma a palabra o Sr. Núñez voceiro do BNG que indica que o PP comeza moi mal, porque teñen unha posición destrutiva. Vostedes collen unha parte da realidade e transformámola para atender ao que lles interesa para vender un relato que non se corresponde coa realidade absoluta. Nós fai catro anos presentamos unha enmenda para que houberse pleno mensuais, presentámola porque había un goberno en minoría e, polo tanto, necesitábase un diálogo máis permanente. Ademais de manipular do que dixemos fai catro anos vostedes emendasen así mesmos porque vostedes gobernaron o concello de Outes durante 40 anos e durante ese tempo mantiveron os pleno de maneira bimensual e claro agora o PP



si que está a favor dos plenos mensuais. Nós cumprimos cos noso principios, fai catro anos había un goberno en minoría e polo tanto necesitábase aumentar a fiscalización. Esta é unha situación distinta e polo tanto entendemos que se corresponde máis que haxa plenos bimensuais, porque vai a haber unha maior estabilidade, cousa que non existía fai catro anos.

O que lle recomendaría polo ben dos veciños de Outes é que fagan unha oposición construtiva como fixo o BNG ao longo destes catro anos, o BNG presentou máis de 50 mocións durante os mesmos e non sei cantas representaron vostedes sendo cinco concelleiros. O que si que lembro e que facían preguntas e rogos pero o que ven sendo propostas poucas, agardaría que comecen a facer unha oposición construtiva, que boa falta fai para mellorar o Concello de Outes.

Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do grupo mixto que indica que lle da a benvida ao Sr. Calo e indica que efectivamente roguei que os pleno se puideran facer en horas fora do horario laboral, intentouse facer caso. Nos tres últimos plenos deste concello foron a unha da tarde e eu non tiven culpa ningunha e tampouco puideron asistir. Os pleno convócaos o Sr. Alcalde e eu nesta ocasión mom teño ningún inconvinte que sexan ás 20:00 horas fora do horario laboral como se establece na presente proposta.

Toma a palabra o Sr. González que indica que o presente pleno moi lonxe das eleccións non podía ser porque tiñamos un mes dende a investidura para celebralo e pareceunos que hoxe era o día adecuado para a posta en marcha deste goberno da forma activa dependía deste pleno e esta era o máis axeitado. Agora os plenos grávanse e pódense ver e polo tanto están a disposición da veciñanza e con relación á bimensualidade tamén é para evitar o traballo que implica para determinados funcionarios. Polo demais non aceptamos a enmenda presentada polo PP e procédese á votación da proposta presentada.

Toma a palabra o Sr. Calo para indicar que con relación ás palabras do Sr. Núñez que simplemente son manifestacións que se fixeron fai catro anos no que había un goberno en minoría e tamén hoxe é unha situación preocupante, xa que, é a primeira vez na historia de Outes que hai un goberno tripartito e tamén que aínda que vostede non o considere preocupación si que temos. Polo tanto, si falamos de plenos mensuais era un pouco relativo a estas cuestións e cal era a situación. Se vostede está facendo xa un prexuízo pois nos non estamos de acordo.

VOTACIÓN:



- PP: 6 votos en contra
- CO: 4 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo mixto: 1 voto a favor

Sae a diante a proposta co voto a favor de CO, BNG e grupo mixto sendo o acordo:

PRIMEIRO. O Pleno da Corporación reunirase en sesión ordinaria con periodicidade bimensual, os últimos xoves dos meses de febreiro, abril, xuño, agosto, outubro, e o terceiro xoves de decembro; ás 20:00 horas e ás 21:00 horas en xuño e agosto. De cadrar a sesión en día santo, convocarase para a véspera. De cadrar a sesión en período de campaña electoral, convocarase para o xoves seguinte á celebración das eleccións.

SEGUNDO. A Xunta de Goberno Local reunirase en sesión ordinaria os martes cada quince días, á hora sinalada polo alcalde. De cadrar en día inhábil, convocarase para o día solto seguinte.

4. Delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local.

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para indicar os termos da proposta que hai unha serie de competencias que pertencen ao Pleno que entendemos que é máis axeitado que as leve a cabo a Xunta de Goberno Local. Como xa comprobamos nestes catro anos fixo que nalgúns contratos determinados e ao non estar delegado na XGL había que vir a Pleno e, polo tanto, un procedemento máis rixido e así darlle máis flexibilidade á acción de goberno.

Toma a palabra o Sr. Calo que indica que de novo lle recordaremos as palabras que vostede pronunciou con respecto este asunto en pasadas ocasións: “Non podo estar conforme coa delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local, porque precisamente a opinión pública está a reclamar das administracións a maior transparencia e nas sesións do Pleno é onde, polo seu carácter público e representativo, se debe materializar esta reivindicación: as competencias plenarias deben ficar no Pleno e calquera iniciativa que vaia en contra diso é dificilmente xustificable”, estas son palabras súas do Pleno de



constitución do ano 2015.

Que pasou Sr. Alcalde? Será que xa encontrou esa difícil xustificación á que facía alusión naquel momento. Nos pensamos que as competencias do Pleno deben permanecer no Pleno para que conten co respaldo ou desaprobación de cada grupo político e se garanta deste xeito a representatividade de todos os veciños. Porque como ten dito o Sr. Núñez en ocasións similares “é no Pleno onde os veciños teñen que coñecer a realidade”, son palabras textuais, o que non sabemos e se agora seguirá mantendo a mesma posición e votará en contra da proposta do Sr. Alcalde. Como non estamos de acordo coa proposta que para a súa aprobación trae ao Pleno o Sr. Alcalde, queremos facer unha enmenda “in voce” ao respecto:

Propoñemos, para a súa votación nesta mesma sesión, que con respecto a este punto non se delegue ningunha competencia que resida no Pleno na Xunta de Goberno Local.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que o PP por moito que repita que é unha situación similar non o é, ademais é unha situación moi habitual, un acordo de goberno cunha maioría absoluta. O que é preocupante é que se cuestione a normalidade democrática dunha institución pública que ten unhas normas ben coñecidas e máis alá manteño o que dixeran. O pleno debe facer unha actividade pro activa e transparente de publicidade dos acordos e decisións tomadas. Non se preocupen que no pleno daranse conta de tódalas iniciativas que se fagan ao longo dos catro anos.

Toma a palabra o Sr. González que non vai agochar nada e evidentemente cando estamos na oposición carecemos de información e sobre todo descoñecemos o día a día do funcionamento do goberno e cando fixen esas declaracións non sabía o que implicaban certas tramitacións. Evidentemente esas cousas apréndense cando un está no goberno e por iso cambiamos de opinión e a min cústame máis entender a súa postura porque vostedes estiveron no goberno.

VOTACIÓN:

PP: 6 votos en contra

CO: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

Grupo mixto: 1 voto a favor



Sae adiante a proposta cos votos a favor de CO, BNG e grupo mixto, sendo o contido do acordo o seguinte:

Efectuar as seguintes delegacións na Xunta de Goberno Local:

- a) As contratacións e concesións, e a aprobación dos correspondentes proxectos de obras e servizos, que lle atribúen ao Pleno a Disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público (Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014) e o artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante, LRBRL).
- b) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación que lle atribúe ao Pleno o apartado 2.j) do artigo 22 da LRBRL.
- c) A aprobación de facturas e documentos xustificativos de prestacións realizadas en exercicios anteriores, que as persoas interesadas presentaran no corrente e sempre que no exercicio en que se realizaron as citadas prestacións existise crédito adecuado e suficiente.
- d) A ampliación do número de anualidades así como a elevación das porcentaxes a que se refire o apartado 3 do artigo 174 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, en casos excepcionais.

5. Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González que indica os termos da presente e indica a persoa que ostentará a mesma.

VOTACIÓN:

PP: 6 abstencións

CO: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

Grupo mixto: 1 voto a favor

Apróbase o presente acordo cos votos a favor de CO, BNG e Grupo mixto:



O nomeamento das seguintes representacións para órganos colexiados:

- No CEIP de Outes, a D. Daniel Rodríguez Gándara
- No IES Poeta Añón da Serra de Outes, a D. Daniel Rodríguez Gándara

6. Creación e composición das Comisións informativas e periodicidade das súas sesións ordinarias

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para proceder á explicación da presente proposta, que indica que non cambia moito e indica as diferentes comisión e os membros que formarán parte das mesmas e a súa antelación de realización das mesmas.

VOTACIÓN:

PP: 6 abstencións

CO: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

Grupo mixto: 1 voto a favor

Apróbase o acordo cos votos a favor de CO, BNG e o Grupo mixto:

A creación e composición das seguintes Comisións Informativas:

PRIMEIRO.- Crear as seguintes comisións informativas permanentes:

- Comisión de facenda, que actuará como Comisión especial de contas.
- Comisión de Servizos.

SEGUNDO.- As comisións estarán integradas por cadanseus 7 membros dos que, en virtude do principio de representación proporcional, lles corresponderán 3 escanos ao grupo do Partido Popular, 2 escanos ao grupo de Compromiso Outes, 1 ao un ao grupo do Bloque Nacionalista Galego e 1 ao Grupo Mixto.

TERCEIRO.- As comisións informativas permanentes reuniranse en sesión ordinaria coa antelación suficiente prevista na lexislación sobre réxime local, previa convocatoria do correspondente Pleno ordinario, aos efectos de ditame dos asuntos a incluír na súa orde do día, á mesma hora que o pleno correspondente. De cadrar a sesión en día inhábil, convocarase para o día solto anterior.



7. Relación de cargos con dedicación exclusiva, retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación .

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para facer referencia á proposta e indica que existen catro dedicacións que serán tres exclusivas e unha parcial e fai referencia ás mesmas así como indica que hai un erro no segundo punto cando se fala da retribución e neste caso sería o cargo de Concelleira de Obras e Servizos. Refírese as contías establecidas na citada proposta. E fai referencia ás diferentes retribucións por asistencia a órganos colexiados

Toma a palabra o Sr. Calo que indica que nos sabemos que gobernar o Concello é unha labor que ten que estar retribuída razoablemente, deso non nos cabe a menor dúbida.

En pasadas ocasións, defendemos que para gobernar Outes con eficiencia o adecuado é ter o equivalente a dúas dedicacións a tempo completo. A día de hoxe seguimos defendendo o mesmo. A proposta que hoxe o Sr. Alcalde trae a este Pleno, é que haxa 3 dedicacións exclusivas e unha parcial ao 75%, e que estas dedicacións lle van custar ao Concello, sen ter en conta a Seguridade Social que terá que abonar o Concello é: Alcalde: 44.800 €/ano, o 1º tenente alcalde: 25.000 €/ano, o 2º tenente alcalde: 35.000 €/ano e a Concelleira de Obras e Servizos 28.000 €/ano. O total é de 132.000 € /ano coa súa Seguridade Social a cargo do Concello.

No pasado mandato, o Goberno anterior, tamén co Sr. González á cabeza, pretendía gastar en dedicacións 83.500 €, esta proposta non foi aprobada, finalmente o que si se aprobou foi o gasto 78.925 €, a mesma cantidade que se gastará no mandato 2015-2019, sen a suba do IPC tal e como sucedera nese período. Esa cantidade aprobouse cos votos a favor de CO, coas abstencións do PP e do PSOE e cos votos en contra do BNG, co argumento de que lle parecían moitos cartos, concretamente dixeron que: “Non imos permitir un saquei das arcas públicas”, eso despois de manifestar, con moita vehemencia, a súa “perplexidade” e o seu “asombro” ante o que consideraban un despropósito por parte do grupo de CO.

A día de hoxe, con esa cifra de 78.925 €/ano, que antes lles parecía unha barbaridade, incrementada nun 68,26% e convertida en 132.800€, semella que xa non están nin perplexos, nin asombrados nin consideran que isto sexa un



saqueo das arcas públicas. Sr. Núñez, non lles custou nada cambiar de opinión, o único que lles fixo falta para mudala, foi recibir un despacho e un soldo. Repito o mesmo que dicíamos anteriormente, os altos principios dalgúns son só de cara á galería, cando entran en xogo outros intereses, estes férreos principios pasan a ser esquecidos con demasiada facilidade.

Outra cousa, Sr, Núñez, vostedes felicitaron ao sr. Alcalde hai 4 anos porque na proposta económica que finalmente foi aprobada, non actualizaban os salarios segundo o IPC anual, por certo á petición do PP, e xustificaban os seus parabéns porque consideraban que eran cargos públicos, non funcionarios. Na proposta actual recóllese que a contía do soldo que lle correspondería a vostede e aos demais membros aumentábase anualmente segundo o incremento retributivo que cada ano se aproba para o persoal do sector público. Entón, segundo o que dicía fai catro anos, vai ser vostede un funcionario ou ben se lle pode aplicar o dito popular que reza: “Consellos vendo e para min non teño”.

Gustaríanos tamén facer referencia ao informe de intervención no que se pon de manifesto a incoherencia que supón a fixación dunha dedicación parcial cunha retribución moi superior a unha das tres dedicacións exclusivas. Se ben é certo que no mesmo informe se di que se cumpren os límites cuantitativos, non deixa de sorprendernos esta cuestión. Aquí quixera dicirlle tanto ao Sr. Caamaño como ao Sr. Núñez, que tantas veces lle dixeron ao Sr. Alcalde no anterior mandato que fixera caso das advertencias e dos informes desfavorables de secretaría e de intervención, que esperamos que neste mandato que temos por diante tamén o fagan, e que vostedes mesmos no desenvolvemento das labores que lles esperan o fagan de tódolos xeitos

Pois ben, faremos un resumo deste punto. Coa aprobación desta proposta, o Goberno Municipal custaralle ao Concello de Outes 132.800€ ao ano, en catro anos en catro anos o custe será de 531.200 €, sumando os incrementos do IPC e seguridade social.

Con relación á acta de arqueo posta a disposición dos concelleiros, e para facer un balance, no Pleno de Constitución do ano 2019 arroxaba a cantidade de 4.616.696,70€, catro anos despois esa cantidade está en 1.279.155,58 €, aí deixamos o dato.

Con todo o que vimos de expoñer, queremos deixar claro que nos non criticamos as contías que se van a percibir, nin que estas se incrementen coa subida salarial anual que lles corresponde aos funcionarios públicos. Non, non criticamos iso,



porque pensamos que quen traballa ten que percibir unha retribución por ese traballo, e pensamos que finalmente serán os veciños os que xulguen se os concelleiros con dedicación se gañan ou non o seu soldo. Nos o que criticamos é a falta de coherencia e as distintas e contrarias opinións sobre a mesma materia, dependendo de se se está nunha situación ou noutra, que manifestan os integrantes dos grupos políticos que temos enfronte. Parécenos que as persoas que cambian de parecer segundo de que lado lles sopra o vento.

Xa para finalizar, queremos manifestar que non temos dúbida de que tanto a proposta que hoxe se trae a este pleno para a súa aprobación como a elección de Alcalde que se fixo no pleno pasado: son actos democráticos e lexítimos? Desde logo que si, non o poñemos en dúbida, son matemáticos? Tamén, están revestidos de dignidade? aquí xa nos parece que é máis cuestionable e que son coherentes? E non nos parece que sexan coherentes en ningunha das maneiras.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que resulta que o actual primeiro tenente alcalde vai ser o que menos cobre de toda a historia do concello de Outes e polo tanto, cumpre co seu principio e o que lle corresponde ao BNG dar conta as da. Por outra banda, vostede colle as cifras e fai un sumatorio e multiplica con catro, e fai referencia aos salarios do goberno do PP e que se actualizasen o salario do alcalde do partido PP no 2011 sen limitación salarial estaríamos falando de 61.558,01€ agora mesmo, o tenente alcalde 57.296,61 € e a maiores tiñan unhas comisións que foron declaradas en outros concellos ilegais ás que só asistían os concelleiros do PP e polas que cobraban 90 € semanais que se sumamos coa XGL o custo dun goberno do PP no 2011 era de 160.641,62 €. estamos falando que a diferenza entre un goberno do PP e un goberno no que hai catro se están aforrando 27.841,62€ aos veciños de Outes.

Fai catro a situación era distinta e como vostedes deberían saber a participación democrática e o diálogo consisten en defender dende cada posición as ideas de cada quen pero cando hai que chegar a acordos efectivamente temos que ceder por tódalas partes. Nós os datos están aí e que non é unha cuestión máis que para sentirse orgullosos de que o goberno actual lle aforre diñeiro aos veciños con comparación ao que supoñía un goberno do PP.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que non vai incidir no que dixo o BNG porque doce anos despois este grupo de goberno sáelle máis económico ao concello que o do PP. Eu creo que temos unha retribución razoable e tamén lle dou a razón que os veciños teñan que valorar dentro de 4 anos se o fixemos ben ou non e créame que dende este grupo imos facer todo o que esta na nosa man



por que os veciños de Outes sigan confiando en nós.

Toma a palabra o Sr. González que indica que a idea de que Outes se poida xestionar con dúas dedicacións é algo que vostedes entenden que é así pero non ten ppoqr, hai unha corporación nova e máis xente traballando. Remuneración que é moderada, todos os que estamos con dedicación exclusiva estamos moi por debaixo dos limiares e que no 2011 aprobou un salario 5.000€ superior ao que actualmente vai a percibir este alcalde, que sería máis de 62.000€ en termos reais a día de hoxe. Pois ese salario cando non había un máximo legal despois veu unha norma que nos deu a razón porque tiveron que baixar ese salario a 45.000€ que era o máximo que se estableceu e que continuaba en 2015 e hoxe don 52.000€. Recordar tamén con relación ás dedicación e recordar o que apuntou o Concelleiro do BNG con relación as Comisións de coordinación e supoñía un gasto maior ao noso Concello. En canto a actualización do IPC é algo moi razoable.

VOTACIÓN:

PP: 6 votos en contra

CO: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

Grupo mixto: 1 voto a favor

Apróbase o acordo cos votos a favor de CO, BNG e grupo mixto:

PRIMEIRO. Determinar que os cargos que realizan as súas funcións en réxime de dedicación especial son os seguintes:

- En réxime de dedicación exclusiva: o Alcalde, 1º Tenente Alcalde e o 2º Tenente Alcalde.
- En réxime de dedicación parcial: a Concelleira de Obras e Servizos, cunha dedicación equivalente ao 75% da xornada ordinaria de traballo.

SEGUNDO. Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación (exclusiva/parcial), as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

- O cargo de alcalde/sa percibirá unha retribución anual bruta de 44.800,00 €.



- O cargo de primeiro tenente de alcalde percibirá unha retribución anual bruta de 25.000,00 €.
- O cargo de segundo tenente de alcalde percibirá unha retribución anual bruta de 35.000,00 €
- O cargo de Concelleira de Obras e Servizos percibirá unha retribución anual bruta de 28.000,00 €

A ditos contías aplicaráselles o incremento retributivo que cada ano se aprobe para o persoal do sector público. As citadas retribucións non inclúen os trienios aos que teñan dereito as persoas que ocupen os respectivos cargos. O presente acordo retributivo producirá os seus efectos, en canto á dedicación exclusiva do Alcalde, a partir do 31 de agosto de 2023; en canto ao resto de dedicacións, dende a data en que sexa adoptado o acordo no pleno de organización.

TERCEIRO. Determinar que os membros da Corporación que non perciben retribucións por dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

Por asistencia ás sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local: 60 €.

Por asistencia ás Comisións Informativas: 60 €.

En calquera caso só cuantificarase unha asistencia por día, con independencia do número de sesións que se celebren.

CUARTO. As axudas de custo dos membros da Corporación, por comisións de servizos ou xestións oficiais dispostas pola Corporación ou o seu Alcalde-Presidente, realizadas por razón do cargo, por traslado fóra do termo municipal, indemnizaranse trala súa xustificación consonte o que dispón o Real Decreto 462/2002, do 24 de maio. Para estes efectos, os membros da Corporación asimílanse ao Grupo 1 do Anexo II da devandita norma en caso de axudas de custo en territorio nacional, e ao Grupo 2 do Anexo III en caso de axudas de custo no estranxeiro.

QUINTO. Que se publique no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios municipal de forma íntegra o presente acordo, así como no Portal de Transparencia sito na sede electrónica do Concello de Outes, aos efectos do seu xeral coñecemento.

8. Asignación económica aos grupos políticos.



DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para facer referencia á proposta de asignación económica a grupos políticos e que hai algunha variación e fai referencia ás mesmas. Non hai un incremento moi elevado e pouco máis que engadir.

Toma a palabra o Sr. Calo que indica que observado este punto, podemos observar unha vez mais, a pillaría que caracteriza ao Sr. Alcalde, vista a cousa así por encima, sen afondar moito, semella que o que propón o Sr. Alcalde non é outra cousa mais que elevar un pouquiño as asignacións aos grupos políticos, todos pasaríamos a ter unha asignación mensual algo maior. Sen deixar de ser certo o anterior, o principio de proporcionalidade segundo a representatividade de cada grupo, que debería rexer no reparto das asignacións, non foi precisamente a consigna coa que deseñou vostede as asignacións. Despois de facer unhas simples regras de tres, o certo é que, o PP leva un 9% mais, CO un 18% mais, BNG un 36% mais e PSOE un 56% mais con respecto fai catro anos.

Esta é a idea da proporcionalidade que ten vostede, unha diferenza do 47% na suba entre o mais e o menos beneficiado, que casualmente é o noso grupo, esta diferenza ao seu favor será o premio por quedar a nove votos de perder a súa representatividade nesta Corporación. A lectura que se pode facer de todo isto é que, nos términos de grupo municipal, aos veciños de Outes, un concelleiro do Grupo Municipal mixto (PSOE) vai a levar 250 € ao mes, cada concelleiro do BNG cústalle 110 € ao mes, cada concelleiro de CO cústalle 100 € ao mes e cada concelleiro do PP cústalle 83 €, é a proporcionalidade aos grupos que hai.

Xa chegados a este punto quixera dicir que o goberno anterior acabou o seu mandato sen facer efectivas as asignacións, de todo o que vai de ano, que lle corresponden aos grupos municipais. Non é que nos sorprenda, porque sabemos que é algo que ten pasado en anos pasados pero gustaríanos que polo menos se actualizase esa situación.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que con relación ao cálculo que fai o PP a asignación non é aos Concelleiros senón aos grupos municipais e facilitar a labor dos mesmos. Polo tanto simplemente engadir isto, indica que o grupo PP é o menos beneficiado e cremos que a asignación ao grupo PP é máis que suficiente e se se fai esta modificación é para que sexa máis equitativo, xa que, os gastos mínimos son iguais para todos. Polo tanto, os grupos máis pequenos teñen dificultade. É unha cuestión de equidade e a proporcionalidade segue existindo,



polo que, vostedes teñen unha maior asignación que nós.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que o compañeiro do BNG deixou bastante claro. Durante estes catro anos sendo un concelleiro só a tinta que gastei é máis ou menos a que puideron gastar vostedes, os folios tamén. Non creo o PP sacara informes e listados para os concelleiros que tiñan, entendo que sacaban un e despois en reunión falarían del. Eu son un só e tamén os tiña que sacar, polo que o gasto créanme que é en desvantaxe e seguen cobrando 50€ por concelleiro igual que o Partido Socialista e cobramos en función de proporcionalidade, vostedes teñen seis e o Partido Socialista un. Como dixo o compañeiro do BNG pense que somos un pouco máis equitativos. Creo que teñen que empezar a pensar nos que teñen pouco.

VOTACIÓN:

PP: 6 abstencións

CO: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

Grupo mixto: 1 voto a favor

Sae adiante o presente acordo cos votos a favor de CO, BNG e grupo mixto:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes asignacións económicas aos grupos políticos municipais:

a) Unha parte fixa de 200,00 euros/mes por grupo.

b) Outra parte variable de 50,00 €/mes por cada concelleira/o que forme parte do grupo.

Remata a sesión ás 20:00 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

